

**VII Trail de Orientación e Andaina de Orientación de Orro - (Culleredo)
19 de Xaneiro de 2020**

REGULAMENTO DA PROBA

DISTANCIAS E DESNIVELES

Trail-running longo: 20 kms con 700 metros de desnivel positivo

Trail-running curto: 12 kms con 350 metros de desnivel positivo

Andaina: 9 kms con 300 metros de desnivel positivo

HORARIOS DA PROBA

Saída do trail-running curto e longo con orientación: 10:00 horas (o horario de secretaría para recoller os dorsais e tarxeta de control comeza ás (8:30 e remata ás 9:30)

Saída da andaina con orientación: 10:15 horas (entregar a autorización na secretaría para os menores antes das 9:45)

MATERIAL RECOMENDABLE TRAIL RUNNING

- Mochila de hidratación ou bidón
- O compás aínda que non é obrigatorio si é moi recomendable

MATERIAL OBLIGATORIO TRAIL RUNNING

- Cortaventos (dependendo do tempo que faga o día da proba poderá decidirse por parte da organización o non ser material obrigatorio)
- Dispositivo gps de seguimento (tracktherace)

MATERIAL RECOMENDABLE ANDAINA

- O compás aínda que non é obrigatorio si é moi recomendable

MATERIAL OBLIGATORIO ANDAINA


- Cortaventos (dependendo do tempo que faga o día da proba poderá decidirse por parte da organización o non ser material obrigatorio)
- Teléfono móbil acendido o cal facilitarase á organización no momento da inscrición

NORMATIVA ANDAINA

Poderán participar menores de 18 anos a condición de que vaian acompañados dos seus pais, tiores legais, persoa adulta autorizada. O documento de autorización para participar os menores debe de entregarse correctamente cuberto o día da proba.

O mapa será entregado pola organización entre 5 e 10 minutos antes do inicio da proba e non poderá ser visto ata que esta o ordene.

Baixo ningún concepto poderanse tirar no monte envoltorios de barritas, xeles, etc.



No percorrer da proba por estradas asfaltadas o participante observara a normativa de circulación.

Se tickaran as balizas de control en orden ascendente para demostrar a realización do percorrido.

IMPORTANTE: A tarxeta de control ou tarxeta SI se forá o caso será entregada ao finalizar a proba e ademais todo participante da andaina que abandone a proba ha de comunicalo á organización e entregar a tarxeta de control (é fundamental este punto para saber que non temos a ninguén perdido no monte).

NORMATIVA TRAIL RUNNING

A idade mínima para participar é de 18 anos.

O mapa será entregado pola organización entre 5 e 10 minutos antes do inicio da proba e non poderá ser visto ata que esta o ordene.

Baixa ningún concepto poderanse tirar no monte envoltorios de barritas, xeles, etc. (se se demostrase esta infracción o corredor quedará automaticamente descalificado)

No percorrer da proba por estradas asfaltadas o participante observara a normativa de circulación.


Ningún corredor poderá seguir a outro de forma continuada durante o percorrido aproveitándose da orientación dun competidor, si se observase por parte dos membros da organización este tipo de comportamento ou si outro corredor ou corredores denunciasesen esta situación podería conllevar a descalificación do mesmo por parte da organización unha vez escoitados os actores.

O tickado dos puntos de control só é válido na tarxeta de control que lle facilite a organización para a proba, a cal entregarse ao finalizar a mesma para o seu control por parte da organización. Non será valido o tickar no mapa da proba.

Ningún corredor poderá realizar o tickado na baliza doutro corredor da proba, cada corredor ha de tickar a súa propia tarxeta de control (se se demostrase esta infracción o corredor quedará automaticamente descalificado)

O tickado dos puntos de control terá que facerse en orde crecente de numeración sen saltarse ningún control (se se demostrase esta infracción o corredor quedará automaticamente descalificado, pode ser solicitada a tarxeta por parte de persoal da organización para ver que se cumpre esta norma)

Podérase realizar atroches ou atallos fora de camiño



IMPORTANTE: A tarxeta de control ou tarxeta SI se forá o caso será entregada ao finalizar a proba e ademais todo corredor que abandone a proba ha de comunicalo á organización e entregar a tarxeta de control na zona de meta onde se atope o cronometraxe da mesma (é fundamental este punto para saber que non temos a ninguén perdido no monte).

O trail running con orientación farase en autosuficiencia, polo que non se poderá ter a unha persoa/as que lle proporcionen avituallamiento ao corredor (se se demostrase esta infracción o corredor quedará automaticamente descalificado)

Se o dorsal desprendérase da camiseta durante o transcurso da proba o corredor ha de indicar á organización o número que posuía sempre que lle sexa requirido, se non o soubese dirá o seu nome e apelidos.

O teléfono só pode ser usado en caso de urxencia.

No mapa van impresos os teléfonos da organización e o teléfono de urxencias. Aínda que se chame a urxencias por unha urxencia vital deberiamos facelo saber á organización o máis pronto que poidamos.

O tempo límite para o trail longo é de 3h e 30 minutos e para o trail curto de 2h e 30 minutos. Os que superen eses tempos figuraran na clasificación como descalificados.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos de carácter persoal aportados na inscrición á organización seran incluídos nun fichero do cal son responsables as dúas entidades organizadoras (Club Gallaecia Raid e ADTL A Pedrosa) os cales van ser tratados única e exclusivamente para calquera asunto relacionado coa organización desta proba en concreto ou para ofertar aos participantes outras probas futuras de similares características organizadas por Gallaecia Raid ou por ADTL A Pedrosa. Así mesmo autorízase a que se publique o seu nome e apelidos na relación de inscritos e nos resultados finais da proba en web públicas, medios de comunicación ou se publiquen nun listado no lugar do evento, así como pola megafonía do evento.

Tamén se autoriza á organización a publicar fotografías nas que apareza o interesado na devandita proba, en páxinas web públicas e medios de comunicación.. Se algún participante tivese algún impedimento polo uso dos seus datos segundo o exposto pode solicitar mediante correo electrónico aos organizadores a súa oposición a este tratamento licenciasgallaeciaraid@gmail.com. Así mesmo en calquera momento os interesados terán dereito ao acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderán ser exercitados mediante petición por correo electrónico dirixido a licenciasgallaeciaraid@gmail.com